

Dixeron de Lois...

"A ELECCIÓN deste poeta maldito, punk e post-moderno provocou unha descoñecida onda de entusiasmo no mundo literario galego e xerou decontado unha inagardada expectativa de renovación para o futuro dunha efeméride en evidente retroceso de interese popular."

"POETA enxoito, solitario, afastado do mundo."

LOIS encarna "a cultura alternativa e underground".

"ANDOU polas beiras salvas das vidas"

"CREO que non se escribira un texto poético máis íntimo e conmovedor en lingua galega desde o Follas novas de Rosalía".

"NADA AMÁBEL había na escrita de Lois Pereiro. Poeta urbano, aguzado, metálico e hermético ao comezo, descarnado e radicalmente diáfano contra o final."

"UN PUNK calado, irónico e amable, un dandy esguío entre quen agora son o núcleo duro da creación poética galega. Eran amigos seus, pero sempre preferiu frecuentar os labirintos da vida aos círculos literarios."

"OS POEMAS de Lois son de aceiro, funcionan coma un bisturi que disecciona a vida, pero detrás apréciase a fragilidade do individuo."



Manuel Bragado



Manuel Rivas



Daniel Salgado



Xosé Manuel Pereiro, irmán de Lois



Xavier Seoane



Autor de culto, representante da eclosión creativa dos 80 e poeta da contracultura, Lois Pereiro foi un outsider, un poeta marxinal autor dunha obra breve, pero moi intensa.

Lois Pereiro

-Luís Ángel Sánchez Pereiro- naceu en Monforte de Lemos en 1958, de familia media procedente do Incio. Aos 17 anos e tras estudar o COU marchou a Madrid, onde comezou Ciencias Políticas e Socioloxía, estudos que, ao pouco, abandona.

Logo dunha estancia en Monforte traballando na cristaleira familiar, regresa a Madrid para estudar inglés, francés e alemán. Ali fundou a revista *Loia* co seu irmán Xosé Manuel Pereiro, Antón Patiño e Manuel Rivas. *Loia*, que só coñeceu catro números recolle poemas seus, postumamente publicados en *Poemas para unha loia* (1996), libro que tamén inclúe o seu ensaio "Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia", dado a coñecer ese mesmo ano na revista *Luzes de Galiza*.

En 1981 sufriu un gravísimo envelenamento producido polo consumo de aceite de colza adulterado, que lle deixará terribles secuelas de por vida. Andou ás beiras dunha morte que conseguiu burlar durante quince anos.

De regreso ao país, Lois Pereiro viviu da tradución ao tempo que escribía. En 1992 publicou a primeira das dúas únicas obras que publicou en vida: *Poemas 1981/1991*. Colaborou en diversos proxectos de vangarda artística, como a revista atlántica *La naval* ou o cómic *A ameixa cacofónica*. Figurou en diversas antoloxías, como as colectivas *De amor e desamor* (1984) e *De amor e desamor II* (1985), onde figuran poemas de moi diferentes tendencias e que se estudan na xeración dos 80, á que Lois pertence. Entre as iniciativas conxuntas deste grupo heteroxéneo destaca o sostemento da revista *Luzes de Galiza*, onde viron a luz —ademais do ensaio xa citado— os oito primeiros capítulos da súa novela inconclusa *Náufragos do paradiso*, que acaba de reeditarse.

En 1994, inesperadamente recuperado tras unha longa estancia no hospital por unha gravísima recaída da doenza que sufría —complicada agora pola afección da SIDA— Lois Pereiro sentiuse renacer. Nos dous anos seguintes, escribiu máis e mellor que nunca. En 1995 publica un duro e conmovedor poemario: *Poesía de amor e enfermidade. 1992-1995*. Testemuño desgarrador, intenso e apaixonado, nel aparece, cru e nu, todo o que de contradición ten a vida: amor, dor, morte, desexo...

Recentemente acaba de ser publicada *Conversa ultramarina*, un impactante diario epistolar escrito en 1995 no que Lois tiña como interlocutora ausente a Piedad Cabo, o amor da súa vida. Os textos, inéditos até agora, permanecían gardados pola destinataria das cartas, quen, consciente da importancia dos mesmos, se decidiu a facelos públicos. Neles vemos a un poeta capaz de transmitir en prosa as mesmas emocións que logo transmite no seu derradeiro libro, o seu testamento poético, o xa citado *Poesía de amor e enfermidade. 1992-1995*.

Lois gozaba dun un efémero recoñecemento —participou en diversos recitais— cando morre na Coruña o venres 24 de maio de 1996. Os seus restos descansan en Terras do Incio, de onde eran os seus devanceiros.



O poeta monfortino conxugaba a fidelidade ás orixes (aos 17 anos decidira escribir en galego) e un compromiso activo coa vangarda universal (patente nas pegadas expresionistas, as referencias á literatura xermánica e certos trazos da contracultura).

Letras Galegas 2011


Sabías que...

Inés Sánchez Pereiro, a profesora de Latín do noso instituto, é a irmá pequena de Lois Pereiro?



Xosé Manuel Inés Lois

...Lois, que acabou coa etiqueta de "poeta maldito", foi elixido polos Padres Escolapios como o neno máis bo do colexio?



Piedad Cabo Lois

... con 17 anos lle dixó á súa moza, Piedad Cabo, que ía ser como Manuel Antonio, escribir en galego, publicar un libro e morrer novo?

...só tiña 38 anos cando morreu?

...o mesmo día en que morreu —ironías da vida— despois de 13 anos, fíxose pública a sentenza do xuízo sobre o caso da colza?

...os causantes do envelenamento de Lois foron aceiteiros sen escrúpulos que desviaron ao consumo humano aceite de colza desnaturalizado con anilinas para uso industrial, provocando a maior traxedia alimentaria que se producira no Estado até entón?

...o Ministro de Sanidade de entón, tratando de quitar importancia á intoxicación masiva, declarou que o motivo da mesma só era, "un bichito tan pequeno que, si se cae de la mesa, se mata"?

O aspecto demacrado que lle deu a intoxicación pola colza privouno dun par de oportunidades en medios de comunicación?



...cando non tiña un traballo mellor traducía porno?

...foi letrista de Radio Océano, un grupo de post-punk que liderou a movida coruñesa dos anos 80?



...a pesar de recibir unha formación castelá, e de ser cosmopolita e poliglota escribiu a práctica totalidade da súa obra en galego?

...foi un grande viaxeiro e percorreu toda Centroeuropa en tren?



...é considerado o poeta máis duro e descarnado de toda a nosa literatura?

...en contra do que poida parecer, era un home divertido e cun grande sentido do humor?

...Lois é o único escritor que ten a súa imaxe pintada en muros de varias cidades galegas?

IES "Concepción Arenal" de Ferrol

Biblioteca

Biblioteca "Saturnino Hermida"



LOIS PEREIRO



«GALICIA»

(Guión televisivo emitido o
Día das Letras Galega de 1988)

Galicía... data

Run...

A. Auga. Aire. A Amnesia do vencido, a Atracción do Abismo, a Árbore xunta á Árbore, e a alegría do espazo circundante. A alma é o Atlántico e é o cantil o corpo da súa chamada Atroz.

B. Barroco: a Beleza usual feita materia en pedra no Bordo do Bosque omnipresente.

C. Calma. Castelao, Curros, Cunheiro, Cultura, Celebración e Culpa: unha conciencia Céltica do Cosmos.

D. Difícil definir esa Dor, Dobregar o Destino, conseguir que o Deseo nos siga sendo útil. (Diluvia)

E. Espiral no Espazo Esférico. Emigración: Estímulo do noso Exilio interior que nos leva polo leste cara a Europa, polo mar cara ao Éxito e cara á Enfermidade, e sempre cara ao Eterno Extrañamento do Espírito.

F. Fogo de Fogar. Fantasía. Fábricas, Febre e Formas do Futuro, Figuras do pasado. O Fenómeno atmosférico da Felicidade, e todas as Festas do mañá...

G. Gráficas do Granito, auga e silencio, onde transborda a alma da Gulfstream. O xemir das Gaitas, e no carácter esa amable presenza da Graxa.

H. Historia: Herbicida o esquecemento. A Humidade, o "Horror vacui" e a Humidade impídenos converter a Historia en Heroísmo. Nosa Herdade adestrada na fuxida, coa sabedoría das feridas vellas, por nosas propias mans soamente vencidos.

I. Ironía: arte de converter o Inferno nun conto de Inverno.

J. Son oriental. Rotundidade sureña.

K. Kilowatios por terra mergullada.

L. Loito: manchas na paisaxe, bólas negras sobre o tapete verde.

M. Lega Mortos o Misterio da Música, pero o Miño vaise levando ese Misterio ao Mar.

N. Norte. Noite. Néboa. Negro: materia poética nacional.

Nh. gn/ ñ.

O. Oeste: "Galicía atende e obedece á chamada do Oeste" (R. Otero Pedrayo). Tantos séculos de Ofensas e de Esquecemento crean anticorpos no Organismo dun pobo, e esa continua Ofensa da historia xerará no Orgullo deste pobo apracible o destrutivo Osíxeno do Odio, a Obsesión do fracaso e da culpa.

P. Poesía. Patria. Paixón. Perigo de extinción, perdidos en nosa propia Pureza, da necesidade de ser un Pobo. A nosa indiferenza alimentará o Proceso de autóxenicidio que vivimos. Paisaxes dispersas, aliñados entre os Perfís do Pasado, coa Presenza dunha vexetal sensación de eternidade. Paixón e Poses "punk", reflexos Postmodernos e altas horas nos diques urbáns da noite.

Q. Química da dor Quintaesencia do medo. Aí, pegado a min, quen ri?

R. Río: o Rumor da vida, a Relixión das augas. As Risas xorden sempre onde Reina a calma, na quietud profunda de quen coñece o Risco e dominao. Rural: corre sangue Rural por estas veas; e se algunha vez a Razón opón Resistencia, recoñécese o galego na terra, na lenta vitalidade da árbore, na invencible Resignación da herba.

S. O Son da Soidade e o Silencio. O Salvaxe Sarcasmo dos Soños do presente, e a Silente atracción polo Suicidio: o Sil. O Miño é o noso Sangue, o Sil a súa Sombra. Serenos e Sombrios, finalmente transcende o Sorriso astuto.

T. Terra. E o Tempo, e o Trastorno e as súas Tebras. A Tradición dunha triste Tenrura. A Terra é o principio, e todo existe nela e para ela.

U. Utopía: compaxinar o desexo e a necesidade dos nosos soños.

V. Vacas en Vales mollados, e a férrea Vontade dos Vellois encadeados á terra, co Vicio do seu fatalismo escéptico. Verde. Verde e máis Verde sobre outros Verdes, e por detrás: Verde.

W. Whisky: noite urbana. Galicía é Wagneriana, ou é máis ben un Wolfgang Amadeus enfermo de paisaxe, soñando con Sibelius?

X. 25 de Xullo.

Y. e

Z. Fin



"Poema para P. ós trinta e un anos camiño do ceo"

Se a morte é un incidente necesario que me penetre calada e sen furia a traizón e uniformemente cruel co suor que polas noites crea o fracaso dun corpo que coñece os seus dominios vencido pola ofensa continuada dos feitos. E así desculpara a miña derrota O medo que xa non sinto por ti.

(Poemas 1981-1991)

«Escribía con sangue cunha pluma feita de óso e na súa obra deixou todas as pegadas dactilares secretas do ser humano». (...) «Hai unha poesía que é retórica e hai outra que transmite unha información esencial porque é un poema feito de células nai que conteñen todo o ADN da condición humana. Ese é o caso de Lois.» (Manuel Rivas)



XXII

O desamor, brutal amputación ou atrofia dun soño maltratado, debería ser sempre un último ritual representado en salas clandestinas.

Interpretando orgánicos monólogos recitaríamos con fluidez a dor interna dos nosos tristes ósos cando o amor se dilúe en hemorrxias de líquidos desexos abortados.

"Desde a superficie dun novo e imprevisto salvamento"

Sería a luz que me alagaba os ollos da vida roubada á morte veciña pero todos me apalpaban incrédulos colléndome das mans. Todos aqueles que me amaran morto amábanme máis vivo. Abriáanse dúas portas en direccións opostas e escollín a que se abría cara a vida co sol entrando a oito polas fiestras. Tería que reanudarme e regresar á miña propia vida sen contaxiarme outra vez de min mesmo. Retocaría o guiño e mudaría outra vez de personaxe retomando a perdida aprendizaxe.

"Acróstico"

Somentes intentaba conseguir deixar na terra algo de min que me sobrevivise

sabendo que debería ter sabido impedirme a min mesmo descubrir que só fun un interludio atroz entre dous muros de silencio

só puiden evitar vivindo á sombra inocularlle para sempre a quen amaba doses letais do amor que envelenaba a súa alma cunha dor eterna

sustituindo o desexo polo exilio iniciéi a viaxe sen retorno deixándome levar sen resistencia ó fondo dunha interna aniquilación chea de nostalgia.

(Poesía última de amor e enfermidade. 1992-1995)

«É unha obra cunha grande carga existencial que nace das entrañas, do fígado, o corazón, o cerebro, con esa forza dura e áspera, como un artefacto ou unha máquina portuaria, (...) unha obra innovadora, urbana e europea, que reflectía moi ben a crise, a crispación e a violencia estrutural do noso tempo. (...) Os seus poemas están impregnados de angustia e de rabia expresiva (...) A súa linguaxe supuxo unha novidade na poesía galega naquel momento. Falaba de rock, de drogas, da dureza da vida contemporánea.»

(Xavier Seoane)

«A condición humana reflectida cun grao de transparencia extraordinario: o amor, a amizade, o afecto, o corpo ferido, o medo, a beleza. (Antón Patiño)

«Que a vida non me sorprenda xamais / desprevenido, calado e neutral» (...)

(Lois Pereiro)

¿Que lle pode ofrecer a quen me intente?

¿Que lle pode ofrecer a quen me intente? días contados de paixón inerte e amor eterno sempre compartido coa débeda obrigada a unha existencia amortizada en pagos usurarios conxugando os verbos vivir e amar en primeira persoa do plural reducidos ás formas do presente.

¿Que lle pode ofrecer a quen me intente se son un fio solto da esperanza tecida e destecida por Penélope?

(Poesía última de amor e enfermidade. 1992-1995)



"Un soño alleo repetido"

O certo é que teño a impresión ás veces que se fai máis patente cada día de que pese ás evidencias en contra debín morrer daquela

e estou vivindo un soño repetido nas noites dos que me seguen querendo

(Poesía última de amor e enfermidade. 1992-1995)

"Poderiano escoller como epitafio"

Cuspideme enriba cando pasedes por diante do lugar no que eu repose enviándome unha húmida mensaxe de vida e de furia necesaria.

(Poesía última de amor e enfermidade. 1992-1995)

«...a súa mensaxe, máxica, namorada, que sempre estará en nós —e con nós— e cos que nos sucedan no tempo. A obra dun poeta non morre porque é fonte de amor e de vida. Lois Pereiro, foi un auténtico poeta. Precísámolo...» (Manuel María)

RELACION DE OBRAS DE LOIS PEREIRO QUE TES Á TUA DISPOSICIÓN NA BIBLIOTECA "SATURNINO HERMIDA"

■ **Poemas 1981/1991.** Ed. Positivas.
■ **Poesía última de amor e enfermidade. 1992/1995.** Ed. Positivas.
■ **Conversa ultramarina.** Ed. Positivas.

CON OUTROS AUTORES:

De amor e desamor II (antoloxía). Ed. do Castro.

OBRAS SOBRE EL:
■ **Pereiro, Xosé M. ; Braxe, Lino; Souto, Xurxo: Lois Pereiro. Fotobiografía sonora.** Ouvirmos, 2010.
■ **Lois Pereiro: Radiografía do abismo.** Antón Patiño. Ed. Espiral Maior.

